

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2026/G005/000004.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 28 de xaneiro de 2026, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17, 26 DE DECEMBRO E DA EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30 DE DECEMBRO DE 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

ACTAS E GOBERNO

2. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 371/2026, DO 19 DE XANEIRO DE 2026, RELATIVO AO NOMEAMENTO DO INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL DESTE EXCMO. CONCELLO (2026/G004/000027).

INTERVENCIÓN

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2026 E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN PATRIMONIO

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac552632000858269126.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-1-2026

4. CONTRATACIÓN - MEDIANTE LOTES - DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E ALIMENTOS FRESCOS (HORTALIZAS, VEXETAIS, VERDURAS E FROITA) LOTE 2 NO FOGAR DO TRANSEUNTE. EXP. REF. 2025/C004/000041. ADXUDICACIÓN.

5. CONTRATO PARA O SERVIZO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LUGO PARA A ASISTENCIA XURÍDICA E REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN XUÍZO. Exp rf: 2024/C003/000001. PRÓRROGA DENDE O 18.04.2026 ATA 17.04.2027.

6. CONTRATO DO SERVIZO DE ELABORACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE ALMOZOS E COMIDA ASÍ COMO ATENCIÓN E APOIO DURANTE DITO SERVIZO LEVADOS A CABO POLA CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DE LUGO. Exp. ref.: 2025/C003/000021 MODIFICACIÓN DO CONTRATO PARA INCLUSIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR NA EEI FINGOI 2.

TESOURERÍA

7. APROBACIÓN DO PLAN DE CONTROL TRIBUTARIO DO CONCELLO DE LUGO 2026.

PERSOAL

8. CONVOCATORIA COMISIÓN SERVIZOS DUN POSTO NO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS -XEFATURA DE SERVIZO.

9. PASE A SEGUNDA ACTIVIDADE DE UN -POLICÍA LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

FOMENTO

10. APROBAR O TEXTO E POSTERIOR SINATURA DO CONVENIO ESPECÍFICO

DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A COMISIÓN EUROPEA, NO MARCO DO PROXECTO EUROPE DIRECT (ED) COA COMISION EUROPEA CONFORME AO DOCUMENTO ANEXO A ESTE EXPEDIENTE NÚMERO 2026/A006/000003 -/ TRAMITACIÓN DE CONVENIOS.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

DESENVOLVEMENTO LOCAL

11. APROBACIÓN DA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL PARA A XESTIÓN DO PAI NOVO NORTE NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE, CON CARGO AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2021- 2027).

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

CULTURA

12. INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA RELATIVO Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026. INFANTIL.

13. INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA RELATIVO Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2026. ADULTOS.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac552632000858269126.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-1-2026

14. CAMBIO DE TITULARIDADE DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO POSTO 8 DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

15. AUTORIZACIÓNS PARA A VENDA NO MERCADO DE ANTIGÜIDADES E COLECCIONISMO 2026.

16. ACTUALIZACIÓN DO REXISTRO DE PERSOAS VENDEADORAS NO MERCADO TRADICIONAL DO CONCELLO DE LUGO. ANO 2026.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Secretaría Xeral do Pleno, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,